

A TELEVISIÓN

1. Que programas ou series de televisión adoitas ver? Cal sería o seu título en galego? Cal é a súa temática? Por que che gustan?
2. Cales credes que son os gustos televisivos da xente croata? Credes que coinciden cos dos galegos? Fai unha lista dos tres programas máis vistos no teu país.
3. Cal é a túa opinión sobre o telelixo? Credes que a xente dedica demasiado tempo a ver a televisión?
4. Que opinas desta frase: “A televisión é unha cousa do pasado, no futuro a xente escollerá que contidos ver cando queira sen importar onde estea e sen pagar. Ademais, os espectadores terán o poder de decidir que lles pasa aos protagonistas”.
5. Le os textos que tes a continuación e busca as palabras que non coñezas. Neles descríbense o argumento de cinco series galegas. Sabes a cal se refire en cada caso? Intenta unilos coas fotografías que atoparás máis abaixo.

A

O bar Suízo é o escenario das disparatadas e divertidas historias que aparecen en cada un dos capítulos. Miro Pereira, o dono, e Antón, o seu cuñado, sempre están a tramar plans que case nunca saen ben. Balbina, a muller de Miro, o avogado Pereira ou o repartidor *Paspallás* son outros dos personaxes, a miúdo vítimas das absurdas andanzas de Miro e Antón.

B

Portozás, nome ficticio de Laxe, é a vila por onde desfilan unha coral de personaxes que, desde o xuíz ao percebeiro, pasando pola alcaldesa, configuran un cadro típico das vilas mariñeiras galegas. Ningún detalle se descoida nesta recreación da Galicia marítima: os dialectalismos da fala danlle unha cor moi especial a esta ficción que conxuga o humor e a tenrura.

C

O retorno á década dos 60 a través das tensións de tres familias de diferente procedencia social é o argumento desta serie. En Santalla, unha vila do rural galego, a historia avanza entre as tramas de poder e as complexas relacións que se establecen entre os Cabanas, labregos e propietarios dunha tenda de ultramarinos, os Lamela, saga de caciques, e os Freire, unha familia indiana procedente de Venezuela.

D

Esta serie está ambientada na comarca do Salnés, na ría de Arousa, e no seo da poderosa familia dos Lantaño, propietaria das prestixiosas bodegas Brandán. Ao longo dos capítulos, a capacidade de sorpresa non ten límites, xa que os negocios mestúranse coas paixóns, a falta de escrúpulos, as loitas polo poder e as traizóns.

1 Livro de família



2 Rias Baixas



3 Mareas Vivas



4 Pratos combinados

